

Benquerido Luís:

Estes días están en Compostela Lorenzo e Maíka e botamos grandes parrafadas. Desde logo, os catro botamos de menos a vosa presenza. Como é natural, a vosa lembranza xurde de continuo nas nosas conversas. Foi unha experiencia bastante emotiva o reencontro despois de 42 anos. A Xosé atopeino moi ben e interiormente cheo de anos.

Dar cousas de por aquí xa vos supoñen enterados polos xornais. Na miña opinión, a operación de apertura democratizadora irá adiante perfectamente controlada polas forzas conservadoras. A oposición, hoxe por hoxe, é feble. Terán que pasar algúns anos para que a sociedade se politice e para que os partidos políticos de base popular cheguen a ter arraigo e consistencia.

En Galicia ocorre o mesmo, claro, pero é indubidable que a conciencia galeguista é hoxe máis forte que en ningunha ocasión anterior. Si acadamos que isto prosiga ao mesmo ritmo de crecemento, poderemos confiar fundamentalmente nas posibilidades dun futuro relativamente próximo.

Xa saíu o libro de Víctor Freixanes "Conversas con umbr"

diaca de galgos". Tivo unha boa aullida e véndese moi ben. Mandáronme un exemplar por correo marítimo, pero como tarda bastante en chegar dixen lles que che enviaren outro por vía aérea. Supoño que non tardarás en recibilo.

O Lorenzo estivo un día en Lugo e falou co Fole e máis co Celestino. Xantaron todos, tamén cos Días Pardo, acorón do Miño.

Tivemos recentemente unha xuntanza do "Patronato do Museo Carlos Mariátegui". Grande parte foi informativa dos trámites administrativos e dos atrancos xurídicos derivados dos pleitos cos xuíces de Isaac. Tamén se acordou o traslado provisional dos fondos do Museo a unhas salas acondicionadas no grande edificio que se está construíndo alí no Castro, acorón do futuro edificio do Museo.

En fin, os amigos de por aquí máis ou menos como sempre.

Apertas nosas para os dous

Ramón